

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2020 - 2ª FASE (CON LIÑA ESPECÍFICA DE PATROCINIO DE ABANCA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30 de novembro ata o 15 de decembro de 2020. A relación de clubs é a seguinte:

- 001 Asociación Club Leones de Santiago Bbc
- 004 Trasnós Béisbol Club
- 005 Escola de Béisbol e Sófbol Os Tilos Teo
- 006 Muralla Rugby Club
- 008 Real Club Náutico Rodeira
- 009 Club Copacabana de Piragüismo
- 010 Club Piragüismo Penedo
- 011 Club de Remo Cabo da Cruz
- 012 Club de Remo de Ares
- 013 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (Feminino-Duatlon)
- 014 Asociación Deportiva Tripenta Terras de Lugo (Feminino-Duatlon)
- 015 Agrupación Deportiva Náutico de Narón (Feminino-Duatlon)
- 016 Club Triatlón Santiago (Feminino-Duatlon)
- 017 Club Olímpico de Vedra (Feminino-Duatlon)
- 018 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (Masculino-Duatlon)
- 019 Club Triatlón Santiago (Masculino-Duatlon)
- 020 Asociación Deportiva Tripenta Terras de Lugo (Masculino-Duatlon)
- 021 Club Triatlón Ferrol (Masculino-Duatlon)
- 022 Club Triatlon Compostela
- 023 Club Olímpico de Vedra (Masculino-Duatlon)
- 024 Triatlón Arteixo (Masculino-Duatlon)
- 025 Club Triatlón Santiago (Feminino-Triatlon)
- 026 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (Feminino-Triatlon)
- 027 Agrupación Deportiva Náutico de Narón (Feminino-Triatlon)
- 028 Club Triatlón Ferrol (Feminino-Triatlon)
- 029 Club Olímpico de Vedra (Feminino-Triatlon)

- 030 Triatlón Arteixo (Feminino-Triatlón)
- 031 Club Triatlón Santiago (Masculino-Triatlón)
- 032 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (Masculino-Triatlón)
- 033 Triatlón Arteixo (Masculino-Triatlón)
- 034 Club Triatlón Ferrol (Masculino-Triatlón)
- 035 Club Olímpico de Vedra (Masculino-Triatlón)
- 037 Club de Atletismo "Ría Ferrol"
- 038 Club Atletismo Femenino Celta
- 039 Sociedad Gimnástica de Pontevedra (Feminino)
- 040 Sociedad Gimnástica de Pontevedra (Masculino)
- 041 Real Club Celta de Atletismo
- 043 Club Halterofilia Coruña (Feminino-División Honra)
- 044 Club Halterofilia Pabellón (Feminino-División Honra)
- 045 Club Halterofilia Coruña (Feminino-1ª División)
- 046 Club Halterofilia Pabellón (Feminino-1ª División)
- 047 Club Halterofilia Vigo (Feminino)
- 048 Club Halterofilia Rías Baixas (Feminino)
- 050 Club Halterofilia Coruña (Masculino-División Honra)
- 051 Club Halterofilia Pabellón (Masculino-División Honra)
- 052 Club Halterofilia Coruña (Masculino-1ª División)
- 053 Club Halterofilia Rías Baixas (Masculino)
- 054 Club Halterofilia Vigo (Masculino)
- 055 Club Sada Patín (Feminino)
- 056 Club Sada Patín (Masculino)
- 057 Sociedad Cultural y Deportiva Rabadeira
- 058 Cmdc Breogán do Grove (Feminino)
- 059 Club Kayak Tudense (Feminino)
- 060 Club de Piragüismo As Torres Romaría Vikinga de Catoira (Feminino)
- 061 Escuela de Piragüismo Ciudad De Pontevedra
- 062 Club de Mar Ría de Aldán (Feminino)
- 063 Club Fluvial de Lugo (Feminino)
- 064 Club Náutico Pontecesures (Feminino)
- 065 Club Náutico Firrete (Feminino)
- 066 Club Piragüismo Rías Baixas (Feminino)
- 067 Club Escola Piragüismo Poio (Feminino)
- 068 Club Piragüismo Ciudad de Lugo (Feminino)
- 070 Club Náutico O Muiño Ribadumia
- 071 Clube de Piragüismo C. P. Portonovo (Feminino)
- 072 Club Kayak Tudense (Masculino)
- 073 Cmdc Breogán do Grove (Masculino)
- 074 Club Escola Piragüismo Poio (Masculino)
- 075 Club Piragüismo Vilaboa
- 076 Club Naval de Pontevedra
- 077 Club Piragüismo Rías Baixas (Masculino)
- 078 Club Fluvial de Lugo (Masculino)
- 079 Club Ría de Betanzos
- 080 Club de Mar Ría de Aldán (Masculino)
- 081 Clube de Piragüismo C. P. Portonovo (Masculino)

- 082 Club Náutico Firrete (Masculino)
- 083 Club Náutico Pontecesures (Masculino)
- 084 Real Club Náutico Rodeira
- 085 Club de Piragüismo As Torres Romaría Vikinga de Catoira (Masculino)
- 086 Club Piragüismo Verducido-Pontillón
- 087 Club Piragüismo Illa De Arousa
- 088 Club Fluvial O Barco
- 089 Club Piragüismo Cambados
- 090 Club Piragüismo Ciudad de Lugo (Masculino)
- 091 Clube Ximnasia Tempo
- 092 Escola Ximnasia Acordes
- 093 Clube Ciclista Maceda
- 094 Club Ciclista Farto (Feminino)
- 095 Master da Louriña (Feminino)
- 097 Club Ciclista Padronés
- 098 Club Ciclista Rías Baixas
- 099 Club Ciclista Vigués
- 101 Club Ciclista Farto (Masculino)
- 103 Master da Louriña (Masculino)
- 105 Club Ciclista Riazor
- 106 Club San Francisto Teo (Feminino)
- 107 Club San Francisto Teo (Masculino)
- 108 Club Polideportivo San Xerome Emiliani
- 110 Keltoi Cruces
- 114 Club Natación Ponteareas (Feminino)
- 115 Club De Mar de San Amaro (Feminino)
- 116 Club Natación Galaico (Feminino)
- 118 Club De Mar de San Amaro (Masculino)
- 119 Club Natación Galaico (Masculino)
- 120 Club Natación Ponteareas (Masculino)
- 125 Club Ximnasia Pavillón Ourense

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego así como a colaboración das partes na promoción do deporte de alta competición en Galicia, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2020 - 2ª Fase.

Este patrocinio desenvólvese conforme ás prestacións publicitarias obrigadas e á proposta de melloras publicitarias presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2020 – 2ª Fase.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. A Fundación, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2020 – 2ª Fase, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. As Entidades conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.
- V. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como patrocinador oficial do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA.
- VI. No ámbito do acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Secretaría Xeral para o Deporte, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Secretaría Xeral da Igualdade súmase ao apoio deste plan na procura de deseñar e transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sin discriminación e que incumbe a todas as persoas.
- VII. Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para este ano 2020, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o

escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego.

- VIII. O Plan de Patrocinio conta con dúas liñas de patrocinio:
- a. Patrocinio con cargo á liña específica Xunta de Galicia-Deporte Galego e Secretaría Xeeral da Igualdade.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- IX. As Entidades manifestaron na solicitude o desexo de acceder ás dúas liñas de patrocinio, presentando ademais a proposta de melloras para ambas dúas.
- X. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adxudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio só para o primeiro dos dous apartados sinalados anteriormente.
- XI. Conforme a todo o referenciado, as Partes, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela